

As árbores forman parte do patrimonio biolóxico e social da humanidade

Son referentes naturais, elementos importantes da biodiversidade do planeta, útiles e con valor económico; e son referentes culturais pola súa antigüidade, tamaño, rareza, singularidade ou pola súa vinculación con lugares ou acontecementos que son parte da historia ou das tradicións dos habitantes dun lugar determinado; algunhas chegan a ter tanta importancia que se converten en símbolos con nome propio.

En Galicia considéranse sagrados os teixos, os carballos, a aciñeiras e os bidueiros. Os paisanos din que a sombra do carballo e do piñeiro son boas, a do castiñeiro non é boa, por húmida e fría, e a da nogueira é enfermiza. Algunhas árbores teñen propiedades curativas como os carballos, nos que se fai o rito da pasaxe. A festa dos maíos está relacionada co culto ás árbores. Nalgunhas zonas (Entrimo, Laza) era tradición chantar no medio da praza a árbore de maio enfeitada con fitas de cores, flores, bolos, chourizos...



No carballo de Armada (Sobrado) din que se apareceu a Virxe e por iso se construíu a capela a finais do século XVIII. Hai numerosas lendas que fan referencia á aparición de Virxe e santos nos ocas das árbores.



No carballo de San Antonio (Vilar de Francos-Carballo) existe a tradición entre as parellas casadeiras de lanzar pedras aos buratos da árbore. Se a pedra queda no oco é sinal de felicidade. Tamén hai unha lenda que conta que se se lle corta unha ponla ou se lle fai unha ferida a árbore deita un líquido como sangue, debido a un miragre de San Antonio.

Oliveira, símbolo de Vigo. Esta árbore, plantada en 1815, substitúe a outra moi antiga que databa do século XV.



Carballo do Viño (O Pelete-A Lama). Ten máis de 400 anos. É costume regalo con viño o día da festa da Virxe dos Remedios.



Teixos de Carballido. No norte e na montaña de Lugo era costume plantar un teixo á entrada das poboacións e nos adros das igrexas..



As árbores son os máis grandes e os máis lonxevos dos seres vivos. As primeiras árbores, tal como as coñecemos hoxe, poboaron a Terra hai uns 200 millóns de anos.



AS MÁIS VELLAS

A árbore individual máis vella que se coñece é unha pícea (Dalarna, en Suecia) de 9.550 anos.

Carballo do pazo de Cartelos. Carballido (Lugo). As árbores máis vellas de Galicia acadan arredor dos 500 anos.



Salgueiro enano, en Islandia. Os salgueiros do Ártico son as árbores máis pequenas, non levantan do chan máis de 10-15 cm.



AS MÁIS GRANDES

A árbore máis alta que se coñece é a secoia vermella Hyperión, con 115,61 m de altura. California



O Avó de Chavín (Viveiro), a árbore máis alta de Galicia, con case 70 m, a máis alto de España e a segunda de Europa.

AS MÁIS GROSAS

Árbores máis grosas do mundo: Baobab africano (Limpopo, Sudáfrica), con 15,9 m de diámetro.

Árbore de Tule (alcipreste de Oaxaca, México) (México), con 11,62 m de diámetro.

Castiñeiro de Pumbariños. Manzaneda, a árbore de maior perímetro de Galicia, con algo máis de 12 m.

